

Criterios de cualificación para 3ºESO e 4ºESO para a 1ª, 2ª e 3ª avaliacións na materia de Física e Química CURSO 2021-2022

Para a cualificación teranse en conta os resultados das probas escritas que se realizarán por avaliación, así como o traballo e a actitude do alumno, de modo que a ponderación, de forma xenérica, será:

- **75 %:** media das probas escritas, que serán, por termo xeral, dúas por avaliación.

- **25 %:** valoración da realización de traballos e prácticas, recollidas no caderno de aula así como do desenvolvemento e actitude do alumno na aula e, de ser o caso, no laboratorio.

- **No caso do ensino semipresencial ou non presencial** serán as tarefas semanais ou quincenais e as probas escritas, as que determinen a cualificación, sendo cualificadas individualmente de 0 a 10. A cualificación final de cada avaliación obterase como media de todas elas.

Para aprobar a avaliación a media ponderada deberá ser igual ou superior a 5.

No que atinxe aos exames ou probas escritas:

- Os exames terán unha cualificación positiva cando a nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.

- Nas probas indícarase o valor numérico de cada unha das preguntas que as constitúen.

Para a avaliación dos traballos e prácticas (25 % do total) terase en conta:

- Observación na aula: especialmente adecuada para a valoración da actitude do alumnado fronte a materia.

- Rexistro de traballo do alumno: no que se valorará a realización ou non das actividades propostas mediante a revisión do caderno de laboratorio.

- A presentación de caderno fóra de prazo terá as seguintes penalizacións:

- 1 día de retraso → 25% de desconto na nota acadada.
- 2 días de retraso → 50% de desconto na nota acadada.
- 3 días de retraso → 75% de desconto na nota acadada.
- 4 días de retraso → a nota acadada será un suspenso.

Criterios de recuperación para 3ºESO e 4ºESO

Os alumnos que non obteñan unha media ponderada igual ou superior a 5 realizarán unha proba escrita sobre contidos referidos ao trimestre suspenso. Esta nota suporá a nova cualificación da avaliación sempre e cando sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5.

Criterios de cualificación para 3ºESO e 4ºESO para a avaliación ordinaria na materia de FÍSICA e QUÍMICA CURSO 2021-2022

Finalizada a 3ª Avaliación calcularase a nota media das tres cualificacións de avaliación parciais. Esta é a nota coa que o alumnado parte para a realización da avaliación ordinaria.

A avaliación ordinaria será diferenciada para o alumnado que acadou o non o 5 na media das avaliacións parciais.

Alumnado que non acadou o 5 na nota media das avaliacións parciais

Realizaranse actividades de reforzo e recuperación, así como probas individualizadas de cada avaliación, ou unha proba única, se fose o caso. A ponderación será a seguinte:

- 90 %: Nota da proba individualizada.
- 10 %: Valoración das actividades de reforzo e recuperación realizadas durante a quincena de xuño a través do caderno de aula.

Alumnado que acadou o 5 na nota media das avaliacións parciais

Realizaranse actividades de repaso e ampliación as cales serán revisadas mediante o caderno de aula. A correcta realización destas actividades poderá incrementar a nota media das tres avaliacións parciais nun 5 %, sendo esta nota mellorada a súa nota na avaliación ordinaria.